



Teaching Guide				
Identifying Data				2017/18
Subject (*)	Galician Literature and Sociocultural Studies		Code	613G02032
Study programme	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	2nd four-month period	Third	Optativa	4.5
Language	Galician			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Letras			
Coordinador	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme	E-mail	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es	
Lecturers	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme Rivadulla Costa, Diego	E-mail	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es diego.rivadulla@udc.es	
Web	www.udc.es/filo			
General description	Estudo da literatura galega desde a perspectiva dos estudos de xénero, sistémicos, identitarios, emerxentes, etc. Neste curso académico, a análise dos textos literarios realizarase a partir do paradigma dos estudos de xénero.			

Study programme competences	
Code	Study programme competences
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A7	Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A17	Ter un coñecemento avanzado da literatura galega.
A18	Ter un coñecemento avanzado da literatura portuguesa.
A19	Coñecer a historia e a cultura das comunidades galegofalantes.
A20	Coñecer a historia e a cultura das comunidades lusófonas.
A23	Coñecer a situación sociolingüística da lingua galega.
A27	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua galega.
A28	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua portuguesa.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/a e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.



C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences		
Analisar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos.	A1 A2 A4 A7 A10 A11 A14 A15 A17	B1 B2 B7 B9	C1 C4 C6
Coñecer e aplicar diferentes métodos e técnicas de análise á produción literaria e cultural galega.	A1 A2 A3 A4 A7 A11 A14 A15 A17 A23	B1 B3 B7	C1 C4 C6
Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e as súas mudanzas de paradigma.	A3 A7 A17 A19 A23 A27 A28	B5 B8	C4 C6
Adquirir as habilidades necesarias para analizar e interpretar os mecanismos dos procesos da creación literaria.	A2 A4 A10 A11 A15	B1 B2 B3 B4 B5 B6	C1 C4 C6 C8
Coñecer e valorizar a diversidade cultural, con especial atención ao ámbito galego-portugués.	A7 A14 A17 A18 A19 A20 A23 A27 A28	B5 B7 B8 B10	C1 C4 C6



Realizar achegas creativas e orixinais na análise dos textos literarios, dos productos artísticos e das realidades culturais.	A4	B5	C1
	A10	B7	C4
	A11	B8	C6
	A14	B9	C8
	A15	B10	

Contents	
Topic	Sub-topic
1.- Literatura e estudos de xénero	1.1. introdución: A teoría feminista e a redefinición da realidade 1.2 O concepto de xénero e as achegas metodolóxicas dos estudos feministas.
2. Crítica literaria e crítica feminista	2.1. Pensamento feminista e crítica literaria 2.2. Feminismos literarios
3. Aproximación a textos literarios galegos desde unha perspectiva de xénero	3.1. A obra de Rosalía de Castro: a construción da identidade fronte a norma 3.2. Imaxes de mulleres e discurso de xénero na narrativa de R. Otero Pedrayo e de A. R. Castelao 3.3. A esmorga de E. Blanco-Amor: unha reflexión sobre xéneros, identidades e estereotipos 3.4. A obra de Xohana Torres e Mª Xosé Queizán: cuestionamento de estereotipos e elaboración dun discurso literario diferenciado

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Supervised projects	A2 A4 A10 A14 A15 A17 B9 B3 B2 C1 C6 C8	2	18	20
Document analysis	A1 A2 A3 A11 A14 A23 A27 A28 B1 B5 C4	8	10	18
Workbook	A3 A7 A17 A18 A19 A20 B7 B6 C4	0	15	15
Directed discussion	A2 A4 A10 A11 A15 B4 B7 B8 B10 C1 C4	7	0	7
Introductory activities	A14 B9 C6 C8	1	0	1
Events academic / information	A11 A14 B3 B5 B7 B8 C6	2	2	4
Oral presentation	A1 A2 A7 A11 A14 A15 A17 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C6 C8	2	6	8
Mixed objective/subjective test	A1 A2 A3 A4 A7 A11 A14 A15 A17 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B9 C1 C6 C8	2	16	18
Guest lecture / keynote speech	A1 A3 A7 A14 A17 A18 A19	10	10	20
Personalized attention		1.5	0	1.5

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies



Methodologies	Description
Supervised projects	Ao longo do curso, e sempre baixo a guía e supervisión da docente, o alumnado terá que elaborar varios exercicios escritos a partir das lecturas obrigatorias e dos contidos desenvolvidos nas sesións docentes. Cada estudante terá que realizar un traballo final obrigatorio sobre algún aspecto relacionado co temario, que terá o formato dun breve ensaio e cuxo tema e orientación requirirán o visto e prace da docente en sesións de seguimento. Haberá igualmente unha valoración conxunta final.
Document analysis	Como actividade derivada das sesións maxistras, o alumnado terá que analizar textos (teóricos ou de creación) ou outro tipo de materiais (filmes, hipertextos, etc). Isto implicará un traballo previo que requirirá un esforzo na actividade non presencial.
Workbook	Será preciso realizar para cada sesión e nos prazos determinados unha serie de lecturas básicas, así como as necesarias para a realización dos traballos.
Directed discussion	Ao longo de varias das sesións do curso, desenvolveranse discusións, moderadas pola profesora, sobre algún dos aspectos do temario. Para poder participar axeitadamente, será imprescindible ter realizado as lecturas previas definidas para cada sesión.
Introductory activities	Toma de contacto para coñecer o nivel de coñecementos, intereses, motivacións, etc.
Events academic / information	Asistencia e participación a eventos relacionados coa materia que se realicen na propia facultade ou noutros lugares accesíbeis para o alumnado.
Oral presentation	Cada alumna/o terá que facer unha presentación oral ante o conxunto da aula na data que se determinará a principio de curso. Esta presentación consistirá na exposición das liñas xerais do seu traballo final obrigatorio que, a seguir, serán submetidas a discusión.
Mixed objective/subjective test	Proba escrita en que se demostrarán os coñecementos e competencias adquiridos e que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes e de control de lecturas.
Guest lecture / keynote speech	Nas sesións docentes presentaranse os contidos teóricos da materia en combinación con preguntas dirixidas aos estudantes e propostas de exercicios prácticos. Para cada sesión, o alumnado terá que facer unha serie de lecturas obrigatorias que serán comentadas posteriormente na aula.

Personalized attention

Methodologies	Description
Document analysis Mixed objective/subjective test Guest lecture / keynote speech Supervised projects Workbook Directed discussion Oral presentation	Através destas metodoloxías avaliarase a evolución individual de cada alumno ou alumna, de maneira que en calquera momento se podan activar mecanismos compensatorios ou de consolidación de coñecementos ou destrezas. Á beira do labor de titorización realizado no horario de atendimento marcado pola profesora responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida fundamentalmente para o apoio á realización dos traballos tutelados. De maneira xeral, cada estudante asistirá, polo menos, a unha sesión de atendimento previa á entrega do traballo final. Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudantado matriculado para se examinar na oportunidade adiantada de decembro.

Assessment

Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Document analysis	A1 A2 A3 A11 A14 A23 A27 A28 B1 B5 C4	O alumnado terá que analizar en clase textos (teóricos o literarios) ou outro tipo de materiais (filmes, hipertextos, etc). Isto implicará un traballo previo que requirirá un esforzo na actividade non presencial.	15



Mixed objective/subjective test	A1 A2 A3 A4 A7 A11 A14 A15 A17 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B9 C1 C6 C8	Proba escrita en que se demostrarán os coñecementos e competencias adquiridos e que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes e de control de lecturas.	40
Supervised projects	A2 A4 A10 A14 A15 A17 B9 B3 B2 C1 C6 C8	Ao longo do curso, e sempre baixo a guía e supervisión da docente, o alumnado terá que elaborar varios exercicios escritos a partir das lecturas obrigatorias e dos contidos desenvolvidos na aula. O traballo final obrigatorio consistirá na elaboración dun comentario persoal e orixinal sobre un aspecto relacionado cun punto do programa. Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da pesquisa, así como a clareza expositiva e expresiva. As liñas xerais deste comentario serán presentadas oralmente ao conxunto da aula e submetidas a debate na data determinada no inicio de curso. O traballo escrito, que formalmente se axustará ás pautas definidas pola profesora, deberá ser entregado na semana seguinte ao remate das aulas.	30
Directed discussion	A2 A4 A10 A11 A15 B4 B7 B8 B10 C1 C4	Avaliarase a participación activa nas sesións prácticas dedicadas á posta en común de cuestión e problemas previamente plantexados pola profesora. Para poder participar axeitadamente, será imprescindible ter realizado as lecturas previas definidas para cada sesión.	10
Events academic / information	A11 A14 B3 B5 B7 B8 C6	Valorarase a participación nestes eventos a través da realización de fichas resumo e/ou comentarios que se entregarán á profesora.	5

Assessment comments

Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no conxunto de actividades que compoñen a avaliación.

O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado. Asemade, todas as actividades deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal...). As deficiencias lingüístico-expositivas serán penalizadas na cualificación.

SEGUNDA OPORTUNIDADE (XULLO) Aquel alumnado que non superase a materia con anterioridade, terá que presentar os exercicios escritos que non fosen avaliados positivamente e o traballo tutelado (no caso de o ter reprobado en xuño). A data límite de entrega será a marcada para o exame do mes de xullo. **ALUMNADO A TEMPO PARCIAL OU CON DISPENSA ACADÉMICA** O alumnado que estea matriculado a tempo parcial ou que conte con dispensa académica terá condicións especiais de avaliación:

1. Traballos tutelados: 40%, que incluíra a presentación oral.
2. Proba mixta: 40%
3. Análise de fontes documentais: 20% (presentación dun comentario escrito e doutro oral)

Para fixar as datas das presentacións orais o alumnado deberá poñerse en contacto coa profesora (carne@udc.gal) nas dúas primeiras semanas do curso.

AVALIACIÓN DA OPORTUNIDADE ADIANTADA DE DECEMBRO Nesta oportunidade adiantada cada alumno/a será avaliado/a mediante unha "Proba mixta", que suporá o 50 % da cualificación final e que terá lugar na data oficial marcada pola Facultade de Filoloxía, e un traballo tutelado puntuábel nun 50%.

NON PRESENTADO/A

Considerarase como **NON PRESENTADO/A** o/a alumno/a que non entregue o traballo final obrigatorio ou non realice a proba escrita. **ALUMNADO REPETIDOR** O alumnado repetidor que non poida asistir ás aulas deberá comunicalo a través dun correo electrónico á profesora (carne@udc.gal) nas dúas primeiras semanas do curso. Neste caso, o seu sistema de avaliación será similar ao do alumnado con dispensa académica.

Sources of information



Basic	<ul style="list-style-type: none"> - Blanco, C. (1995). Nais, damas, prostitutas e feirantas . Vigo: Xerais - Blanco, C. (1995). Literatura galega da muller. Vigo: Xerais - Castro, O. / Reimóndez, M. (2013). Feminismos. Vigo: Xerais - García Negro, Mª P. (2010). O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo . Santiago: Sotelo Blanco - González Fernández, H. (2005). Elas e o paraugas totalizador. Vigo: Xerais - Varela, N. (2005). Feminismo para principiantes. Barcelona: Ediciones B Libro <p>A profesora fornecerá, na aula e/ou a través da plataforma Moodle, unha selección de textos literarios e críticos que o alumnado deberá ler nos prazos fixados.</p>
Complementary	<ul style="list-style-type: none"> - Amorós, C. (coord.) (1994). Historia de la teoría feminista . Madrid: Instituto de Investigaciones feministas de la UCM /Dirección general de la Mujer - Beltrán, E. et alii (eds) (2001). Feminismos. Debates teóricos contemporáneos. Madrid: Alianza - Bernárdez, C. L. / Insua, E. X. / Millán, X. M. / Rei. M. / Tato, L. (2001). Literatura galega. Século XX. Vigo: A Nosa Terra - Blanco, C. (1995). O contradiscurso das mulleres. Historia do feminismo. Vigo: Nigra - Fariña Busto, Mª J. (eds.) (2005). Escribir en femenino. Poéticas e políticas . Barcelona: Icaria - García Negro, Mª P. (2001). Arredor de Castela. Vigo: A Nosa Terra - González Fernández, H. (2009). Género y nación : la construcción de un espacio literario . Barcelona: Icaria - Macedo, A. G. / Amaral, A. L. (orgs.) (2005). Dicionário da crítica feminista. Porto : Edições Afrontamento - Moure, T. (2012). Queer-emos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións . Vigo: Galaxia - Rodríguez Sánchez, F. (1993). Eduardo Blanco-Amor. O desacougo da nación negada. Vilaboa-Pontevedra: Ed. do Cumio - Queizán, Mª X. (2008). Anti natura. Vigo: Xerais - Vilavedra, D. (1999). Historia da Literatura Galega . Vigo: Galaxia - VV. AA.: (1987). Festa da palabra silenciada 4 (monográfico Xohana Torres). - VV. AA.: (1996). Historia da Literatura Galega 5 vols.. Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega / A Nosa Terra <p>A profesora fornecerá ao longo do curso, a través da plataforma Moodle, material bibliográfico complementar e outros recursos específicos para cada un dos temas obxecto de estudo nesta materia.</p>

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coa profesora, persoalmente en horario de atención ao alumnado, ou concertando cita previa no enderezo electrónico: carne@udc.gal

(*The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.